

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN

SESIÓN: extraordinaria

NÚMERO: 2024/13

DATA: xoves 5 de setembro de 2024

LUGAR: SALÓN DE PLENOS

HORA DE COMEZO: 20:00 h

HORA DE REMATE: 20:20 h

PRESIDE JULIAN BUSTELO ABUIN

SECRETARÍA PATRICIA SANCHEZ CASTELO, que redacta esta acta.

ASISTEN

BNG
SARELA BETANZOS FREIRE
PP
ANTONIO ISORNA VICENTE
RAMON VICENTE VICENTE
ALICIA CAROU ROMERO
MARIA ELENA ABUIN CAROU
JOSE LUIS CASTIÑEIRAS LESENDE
PSdeG-PSOE
MARIA ELENA OTERO OTERO
OSCAR RIAL LAGO
ROSA ANA GARCIA FIGUEIRA
MIGUEL ANGEL IGLESIAS ROMERO
TAMARA GARCIA MUÑIZ
Rianxo en Común
JULIO ALCALDE HERMO
ANA VIDAL FUNGUEIRIÑO
JOSE ALBERTO ANGUEIRA GOMEZ
OLALLA FIGUEIRA CASTAÑO

ORDE DO DÍA

1. TOMA DE COÑECEMENTO RENUNCIA DO CONCELLEIRO XUSTO XOSÉ ORDOÑEZ FIGUEIRA.
2. APROBACIÓN FESTIVOS LOCAIS 2025
3. APROBACIÓN DA SEGUNDA FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL ADICIONAL 2/2024 2º FASE DO POS+ADICIONAL 2 /2024

DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2024/G010/000013 e identificado pola pegada dixital:

1857db463d4d23b1f7058f063278f18f4aa16cd271735e6b4e1db5d73e611ea1

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

<https://www.youtube.com/watch?v=5uC4dnIqHdY>

ACORDOS

PROPOSTAS ORDINARIAS

1 RENUNCIA DO CONCELLEIRO XUSTO XOSÉ ORDOÑEZ FIGUEIRA.

Dáse conta da proposta presentada:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En aplicación do disposto nos art. 182 da Lei 5/1985, de 19 de xuño, Réxime Electoral Xeral, e art. 9.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, regulamento de organización e funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e as instrucións da Xunta Electoral Central de data 10 de xullo de 2003, sobre substitución de cargos representativos locais sometese ao pleno da Corporación municipal:

Conforme ao que dispón o artigo 9.4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais; nos artigos 15.2, 19.1.I) e 182 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral e normas concordantes, especialmente a Instrución da Xunta Electoral Central do 10/07/2003, sobre substitución de cargos representativos locais, esta Alcaldía propón ao Pleno que adopte este acordo:

PRIMEIRO

A toma coñecemento da renuncia ao cargo de don Xusto Xosé Ordoñez Figueira concelleiro polo Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Rianxo (presentada no Rexistro Xeral do Concello co nº R. E. 2024999000018784 en data de 01/08/2024).

SEGUNDO

REMITIRLLE unha certificación deste acordo á Xunta Electoral Central aos efectos da expedición

da credencial acreditativa da condición de electos a favor do candidato/a que corresponda, facendo constar que, a xuízo da corporación, correspóndelle cubrir a vacante a don Francisco Rey Grille, seguinte na lista dos que concorreron ás últimas eleccións municipais 2023, para que poida tomar posesión do seu cargo como concelleiro polo Bloque Nacionalista Galego (BNG).

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.

2 APROBACIÓN FESTIVOS LOCAIS 2025

Dáse conta da proposta presentada:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Visto que o concello de Rianxo ten que comunicar a maior brevidade posible ao SMAC da Coruña (sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación) da Consellería de Emprego e Igualdade, os dous días que para todo o termo Municipal de Rianxo se fixen como Festas Locais no próximo ano 2025, para os efectos de poder confeccionar o calendario laboral da Provincia de Coruña para dito ano.

Conforme ao establecido no artigo 37.2 do Real decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores que di:

2. Las fiestas laborales, que tendrán carácter retribuido y no recuperable, no podrán exceder de catorce al año, de las cuales dos serán locales. En cualquier caso se respetarán como fiestas de ámbito nacional las de la Natividad del Señor, Año Nuevo, 1 de mayo, como Fiesta del Trabajo, y 12 de octubre, como Fiesta Nacional de España e no artigo 45 do Real Decreto 2001/1983, do 28 de xullo, sobre regulación da xornada de traballo, xornadas especiais e descansos, no que se prevé que: "serán tamén inhábiles para o traballo retribuídos e non recuperables, ata dous días de cada ano natural con carácter de festas locais que por tradición lle sexan propias en cada municipio, determinándose pola autoridade laboral competente –a proposta do Pleno do Concello correspondente- e publicándose no Boletín oficial da Comunidade Autónoma e, no seu caso, no Boletín oficial da Provincia".

A vista que dita proposta foi ditaminada na Comisión informativa de Servizos á Cidadanía, Deporte, Cultura, Educación, Participación do día 29 de agosto de 2024

De acordo co indicado, e no uso das atribucións dispostas no artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de

abril, reguladora das bases do réxime loca, PROPONSE AO PLENO O SEGUINTE ACORDO:

PRIMEIRO

Sinalar como Festas Locais deste Concello para o ano 2025, os seguintes días:

- **16 de xullo de 2025: Festas do Carme**
- **19 de setembro de 2025: Venres de Guadalupe.**

SEGUNDO

Comunicar esta Proposta de acordo ao SMAC da Coruña (Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación) da Consellería de Emprego e Igualdade, para o seu coñecemento e efectos.

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE SERVIZOS Á CIDADANÍA, DEPORTE, CULTURA, EDUCACIÓN, PARTICIPACIÓN, en sesión extraordinaria do día 29/08/2024 na que se ditaminou favorablemente.

Ábrese unha quenda de debate e someteuse a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 11 votos a favor (1 dos membros do grupo BNG, 5 dos membros do grupo PP e 5 dos membros do grupo Rianxo en Común), cero votos en contra e cinco abstencións (dos 5 membros do grupo PSOE) dos 16 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta

3 APROBACIÓN DA SEGUNDA FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL ADICIONAL 2/2024 - 2º FASE DO POS+ADICIONAL 2 /2024

A presidencia da conta da seguinte proposta que a continuación se transcribe:

Vistas as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS + 2024, aprobadas polo pleno da Deputación Provincial de A Coruña, con data 24 de novembro de 2023, e publicadas no BOP nº 227 de data 28/11/2023.

Vistos os distintos informes emitidos polos servizos municipais, necesarios segundo as bases

reguladoras para completar o expediente.

Considerando as cantidades asignadas a este Concello, a finalidade e o obxecto do Plan así como as demais instrucións contidas na circular do POS+ 2024, é polo que se propón a adopción do seguinte, ACORDO:

PRIMEIRO

Participar na **segunda fase** do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **"POS+ ADICIONAL 2/2024"** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

- o **A) Financiamento de gastos correntes:**

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados no 2024, distintos dos solicitados, de ser o caso, no POS+ 2024 base	85.134,98

- B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles (non incluír os solicitados na 1ª fase):**

Investimentos financeiramente sostibles <u>SI</u> incluídos no Plan <u>Complementario</u> ao POS+ 2024 (Non incluír os solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2024)	Financiamento dos investimentos				Orzament o total
	Deputación	Concello		Total concello	
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. de auga potable)		

Investimentos financeiramente sostibles novos (NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024)	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. de auga potable)	Total concello	
PROXECTO MODIFICADO 04.06.2024 DOTACIÓN DE REDES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO NO LUGAR DE VILAS, NO CONCELLO DE RIANXO, FASE II	194.386,50	0,00	0,00	0,00	194.386,50
MODIFICADO DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA A REHABILITACIÓN E CAMBIO DE USO DOS BAIXOS DAS VIVENDAS DOS MESTRES. AGOSTO 2024	273.970,10	0,00	0,00	0,00	273.970,10
TOTAL	468.356,60	0,00	0,00	0,00	468.356,60

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024 e que se relacionan nesta táboa.

C) Resumo de financiamento:

POS+ ADICIONAL 2/2024 2ª FASE	Deputación	Concello			Orzamento Total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. de auga potable)	Total Concello	
Gastos correntes do 2024 (distintos dos solicitados no POS+2024 Base)	85.134,98				85.134,98
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024 (non incluír os solicitados na 1ª fase)	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Investimentos novos (non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024)	468.356,60	0,00	0,00	0,00	468.356,60
TOTAL	553.491,58	0,00	0,00	0,00	553.491,58

SEGUNDO

Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

TERCEIRO

Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2024, se a houbera.

CUARTO

Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

QUINTO

Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

SEXTO

Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

SÉTIMO

Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, MOBILIDADE, OBRAS, SERVIZOS BÁSICOS E MEDIOAMBIENTE, en sesión extraordinaria do día 29/08/2024.na que se ditaminou favorablemente.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN. O



Concello de Rianxo
Praza Castelao 1, 15920 Rianxo
Tfno. 981 860 075 **Fax** 981 866 628
rianxo.gal concelloderianxo.gal

pleno da corporación ACORDA por unanimidade dos 16 membros presentes, dos 17 que a constitúen, **APROBAR** a proposta nos termos desta.